

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/23	A Xunta de Goberno Local

## DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	21 de xullo de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 11:54 ata as 11:57 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Lucía Artime Alonso
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

## ASISTENCIA A SESIÓN

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

## Aprobación da acta da sesión anterior: 07.07.2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 07

de xullo de 2022.

**Aprobación da acta da sesión anterior: 14.07.2022**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 14 de xullo de 2022.

**Expediente 1083/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, respecto da situación de vulnerabilidade social e económica dunha familia ucraína residente no noso concello valórase a necesidade de prestar apoio económico para axudar a facer fronte ós gastos eléctricos da vivenda.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunha factura da luz da vivenda na que reside a persoa interesada en réxime precario.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M.T.R.I., propietaria do inmovible que fixo fronte ó pago da factura número F2022021113 por importe de 34.38 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 1068/2022. Contratacións - “Renovación do alumeadado a LED nos campos de fútbol Outeiriño e A Gandareira”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 1068/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que

se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 21 de xullo de 2022.

### **Expediente 1068/2022. Contratacións - “Renovación do alumado a LED nos campos de fútbol Outeiriño e A Gandareira”**

Visto que ao abeiro da ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D), dentro da liña de subvencións de natureza non competitiva concedeuse a este Concello unha subvención por importe total de 28.708,22 euros para o proxecto “Renovación do alumado a LED nos campos de fútbol Outeiriño e A Gandareira” que ten como orzamento total 71.982,55 euros (IVE engadido)

A xustificación deste contrato é a necesidade de mellorar os niveis de iluminación dos campos de fútbol Municipais de Outeiriño e da Gandareira como reducir os custos da factura enerxética e de mantemento de ambas as instalacións deportivas. O Concello de Silleda está adherido desde o ano 2019 ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, o que conleva un compromiso de reducir ata un 40 % as emisións de CO2 antes do 2030. Para iso, desde o Concello de Silleda está a traballarse para reducir a enerxía consumida, Preténdese con esta obra cumprir o principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos orientando a xestión dos devanditos recursos á eficacia, eficiencia, economía e calidade para adaptar as instalacións do Concello de Silleda ás últimas tecnoloxías de aforro e eficiencia enerxética.

A pesar do continuo e periódico mantemento que leva a cabo sobre o actual sistema de iluminación, o paso do tempo, o desenvolvemento da tecnoloxía asociada aos elementos de iluminación técnica así como a aparición de novas tecnoloxías baseadas na utilización de lámpadas LED con gran eficiencia e versatilidade que diminúen o consumo enerxético fan recomendable a renovación dun sistema de iluminación que ademais ten a necesidade de adaptarse á categoría dos eventos deportivos que nos citados campos de fútbol celébranse.

Con todo iso, e considerando que a renovación do sistema de iluminación débese realizar asumindo que os campos de fútbol son unha infraestruturas existentes coas limitacións que iso implica, considérase suficientemente xustificada a proposta para a renovación do sistema de iluminación dos campos de fútbol Municipais de Outeiriño e da Gandareira de forma que, por unha banda, o novo sistema de iluminación permita conseguir uns niveis de iluminación equivalentes ao cumprimento das normas UNE 12.193 de iluminación de instalacións

deportivas, Clase III e, doutra banda, consíguese diminuír o consumo enerxético respecto da actual instalación de iluminación.

O orzamento base de licitación (IVE excluído) deste contrato ascende a 59.489,71 €, ao que hai que engadir un IVE de 12.492,84 €, o que totaliza o importe deste contrato en 71.982,55 €.

O órgano de contratación para este contrato é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde-presidente deste Concello.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de equipo nin medios persoais suficientes nin axeitados para acometer obras desta envergadura. O procedemento elixido para a adxudicación do contrato de obra será o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola axilidade do procedemento, reunindo todas as características previstas na citada Lei para a utilización deste procedemento no que respecta á contía, inferior a 2.000.000,00 €, e a duración. Co uso deste procedemento preténdese poñer a disposición dos veciños os campos de fútbol cunha boa iluminación no prazo de tempo máis breve posible.

En consecuencia con todo o anterior, e de conformidade co establecido na LCSP, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras “Renovación do alumeadado a LED nos campos de fútbol Outeiriño e A Gandareira”.

Segundo.- Formar o oportuno expediente de contratación unindo ao proxecto técnico, ao Prego de Prescricións Técnicas e ao Certificado de existencia de crédito, xa existentes no expediente, a seguinte documentación:

- Informe de non división en lotes
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe xurídico dos Pregos
- Informe de fiscalización de Intervención.

Formado o expediente, deberá someterse á aprobación do órgano competente.

Terceiro.- Publicar o presente acordó de inicio do expediente de contratación no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**Expediente 1069/2022. Contratacións - “Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda”**

**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Inclusión por urxencia Expediente 1069/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 21 de xullo de 2022.

**Expediente 1069/2022. Contratacións - “Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda”**

Visto que o 10 de xuño de 2022 concedeuse a este Concello pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) unha axuda de 94.931,98 euros para a acometida da obra “Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda”.

A xustificación deste contrato é mellorar o firme existente no camiño de titularidade municipal localizado na parroquia de Piñeiro, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e redundar en beneficio da veciñanza.

Na actualidade, o camiño obxecto das obras que se definen no presente proxecto sofre unha deterioración importante da súa capa de rodadura. Este proceso de desintegración do firme vese agravado polas variables climáticas e pola circulación dos vehículos, fundamentalmente os pesados asociados aos camións de recollida de leite, camións de transporte animal, camións de provedores de alimentación animal, etc., cuxo destino son as instalacións gandeiras existentes na contorna das actuacións.

Consciente da situación, o Concello de Silleda considera necesaria a mellora do devandito camiño, ordenando a redacción do correspondente proxecto, no cal se recolla a solución proposta e o custo das obras necesarias.

O orzamento base de licitación (IVE excluído) deste contrato ascende a 94.931,98 €, ao que hai que engadir un IVE de 19.935,72 €, o que totaliza o importe deste contrato en 114.867,70 €.

O órgano de contratación para este contrato é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde-presidente deste Concello.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do

Sector Público, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de equipo nin medios persoais suficientes nin axeitados para acometer obras desta envergadura. O procedemento elixido para a adxudicación do contrato de obra será o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola axilidade do procedemento, reunindo todas as características previstas na citada Lei para a utilización deste procedemento no que respecta á contía, inferior a 2.000.000,00 €, e a duración. Co uso deste procedemento preténdese poñer a disposición dos veciños o camiño en bo estado no prazo de tempo máis breve posible.

En consecuencia con todo o anterior, e de conformidade co establecido na LCSP, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras "Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda".

Segundo.- Formar o oportuno expediente de contratación unindo ao proxecto técnico, ao Prego de Prescricións Técnicas, xa existentes no expediente, a seguinte documentación:

- Informe de non división en lotes
- Certificado de existencia de crédito
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe xurídico dos Pregos
- Informe de fiscalización de Intervención.

Formado o expediente, deberá someterse á aprobación do órgano competente.

Terceiro.- Publicar o presente acordó de inicio do expediente de contratación no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**Expediente 867/2020. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística - INTEGRACIONES MUIÑOS, S.L.: Construción de fosa de xurro**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 867/2020**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co

seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 21 de xullo de 2022.

**Expediente 867/2020. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística - INTEGRACIONES MUIÑOS, S.L.: Construción de fosa de xurro**

Vista da solicitude presentada por INTEGRACIONES MUIÑOS, S.L., rexistro de entrada R.E. 2020-ERE-546 de 15.XUÑ.2020.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda do día 14 de decembro de 2020 adoptou, entre outros, o acordo de “Conceder licenza urbanística a INTEGRACIONES MUIÑOS SL, con CIF B94116001, para a execución CONSTRUCCIÓN DUNHA FOSA DE XURRO, sita na finca chamada “Paraxe das Quenturas”, no Monte de Cornoa, Siador que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052V501000350000ML).”

Visto que a Consellería competente en materia de Medio Ambiente tramitou a renovación da autorización ambiental integrada 2006/397\_NAA/IPPC\_056 e instou ao promotor á execución da ampliación das foxas para ter capacidade de almacenar o xurro durante un período de 6 meses, proxecto que tivo licenza municipal antes mencionada. Posteriormente, tras o remate da revisión da autorización ambiental integrada resólvese que a foxa proxectada e licenciada non é suficiente para almacenar o xurro de 6 meses, elaborándose entón o proxecto modificado obxecto desta licenza.

Examinada a documentación que lle acompaña en relación coa modificación da licenza de obra maior para a execución da obra: Construción de fosa de xurro (proxecto modificado) en Fonte das Quenturas – Siador, parcela con referencia catastral 36052V50100035, solicitada por INTEGRACIONES MUIÑOS, S.L.

Visto o informe da Secretaria da Corporación, de data 21 de xullo de 2022 que sinala: *“infórmase favorablemente a concesión da licenza, debéndose proceder a conceder a licenza de obras solicitada con suxeición ás condicións xerais establecidas na lexislación vixente e especiais que se indican no informe dos servizos técnicos”.*

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 30 de xuño de 2022 que sinala: *“INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Construción de fosa de xurro (proxecto modificado) solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados no punto 17. deste informe e que constan no expediente 867/2020, se ben para o inicio da actividade e con posterioridade á concesión de licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, xunto con toda a documentación regulamentaria.*

*Por outra banda, para a concesión da licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será necesario aportar certificado de impermeabilidade da foxa asinada polo técnico director da mesma.*

*Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:*

*c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*

*d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*

*e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

*Por outra banda, cómpre lembrar a obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.*

*De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel ([http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/ modelocartel- de-obra/](http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelocartel-de-obra/)) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder a INTEGRACIONES MUIÑOS, S.L., a licenza de obras solicitada para construción de fosa de xurro (proxecto modificado) en Fonte das Quenturas – Siador, parcela con referencia catastral 36052V50100035, segundo o sinalado no informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30 de xuño de 2022 anteriormente mencionado.

**SEGUNDO.-** Requirir ao interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación da taxa por outorgamento da licenza por importe de 1.816,83 euros, os cales foron ingresados en data 15 de xuño de 2020.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**